XURXO ALONSO
libros e cidades

Skylines de cidades imaxinadas, rañaceos amoreados no horizonte nunha caótica orde de convivencias, de vidas e historias, de oportunidades e de exclusións, de aglomeracións e soidades, de ritmos frenéticos e de recunchos de paz. Estruturas que se elevan na vertical en busca do record,...sempre se pode chegar un pouco máis alto. Libros apilados e dispostos de forma fortuíta nun estante coa disposición vertical dunha gran urbe. Un azul, outro verde, outro gris, un alto, outro estreito, outro groso. Conteñen vidas de xentes, reais, de ficción, fantásticas; historias de persoas, de amores, de exclusións, de soidades, e tamén de esperanza. Libros cidade, cidades libro.

O traballo que podemos ver nesta exposición é o froito dunha longa traxectoria chea de moreas de vivencias, de moitos cartóns e madeiras apañados, da necesidade de poñer orde, da falta de espazo, de moito que dicir e de como dicilo, de amoldarse aos cambios da vida e dos tempos e de como recompoñerse tras cada acometida; encerra, en definitiva, a aprendizaxe sen fin. Cos anos e coa sorte das vidas vividas, aprendemos a soltar lastre e descubrimos que con moi pouco podese construír moito.

Xurxo Alonso, adicado a isto tan fascinante e necesario para os humanos, que se chama arte, dende moi novo, debuxou, pintou, esculpíu marabillosos retablos e axedreces de cortiza, construiu barcos con madeiras botadas polas mareas, bolboretas de cores transparentes, escribiu libros, de poesía, de mundos imaxinarios, de historias únicamente vividas no seu Aldemunde. Sempre como un xogo, construíndo con materiais "pobres, pero moi dignos", aos que dá a oportunidade dunha nova vida, agradecidos ao corte, á pintura, as colas e aos vernices. Esta exposición nace, sen querer, como por inercia do propio devenir, dunha forma sinxela, e tan complexa á vez, da necesidade de ordenar o caos, ao igual que acontece nas grandes aglomeracións urbanas ou nos estantes de libros, amoreados sen orden aparente en busca dun sosego interior.

Xurxo Alonso, artista arousano nacido en Bos Aires no ano 1956, pintor, poeta, cunha longa e recoñecida traxectoria. Autor do Breviario de Aldemunde, publicado por Espiral Maior no ano 2005, producíu diferentes proxectos artísticos relacionados co libro e presentados en diferentes institucións, entre os que destacan a Colección Aledemunde, Aldemunde, espazo do nómade ou Tintureiros de Aldemunde. Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, comezou a desenvolver a súa paixón polo pintura na Escola de Artes Mestre Mateo de Santiago e continuou nos Talleres de Arte Actual de Madrid, preto de pintores tan singulares como Guinovart, Alcorlo e McLean, tamén en San Sebastián, con Bonifacio Alonso. Recibiu unha bolsa da Deputación de Pontevedra na IX Bienal Internacional de Arte e da Fundación Rodríguez Acosta de Granada. Posúe numerosos premios e distincións, tanto no ámbito plástico como literario, e a súa obra forma parte de importantes colección públicas e privadas.

Cidades

Cidade nº 60. Acrílico sobre cartón. 41,5 x 43 cm. 2014.

Cidade nº 73. Acrílico sobre cartón. 36,5 x 91,5 cm. 2015

Cidade nº 62. Acrílico sobre cartón. 36,5 x 91,5 cm. 2015

Cidade nº 78. Acrílico sobre cartón. 30 x 72 cm. 2015

Cidade nº 34. Compostela III. Acrílico sobre cartón. 32 x 57 cm. 2014

Cidade nº 79. Acrílico sobre cartón. 30 x 72 cm. 2015

Cidade nº 77. Acrílico sobre cartón. 30,5 x 72 cm. 2015



Cidade nº 65. Acrílico sobre cartón. 44 x 66 cm. 2015

Cidade nº 75. Acrílico sobre cartón. 47 x 70 cm. 2015

Libros

Biblioteca Faulkner. Madeira policromada. 30 x 28 x 28 cm. 2015

Biblioteca Machado de Assis. Madeira policromada. 28 x 27 x 14 cm. 2015

Biblioteca Sebald. Madera policromada. 25,5 x 29 x 13,5 cm. 2015

Biblioteca Modiano . Madeira policromada. 29 x 25 x 20 cm. 2015

Los manuscritos de Gonzaga. Madeira policromada. 28 x 25 x 19 cm. 2015

Biblioteca Knut Hamsun. Madeira policromada. 28 x 22 x 22 cm. 2015

Biblioteca Henry James. Madeira policromada. 28 x 25 x 15 cm. 2015

Biblioteca Lampedusa. Madeira policromada. 26 x 25 x 20 cm. 2015

XURXO ALONSO (Bos Aires, 1956)

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS 2011 Aldemunde. Museo de Pontevedra. | 2010 Galería Borrón 4. Cambados, Pontevedra. | 2008 Tintureiros de Aldemunde.Galería Metro Arte Contemporánea. Santiago de Compostela | 2007 Fundación Feima. Madrid | 2006 Sala Rivas Briones. Vilagarcía de Arousa Galería Lembranza-Sargadelos, O Grove Sala de Exposiciones. Caixanova. Vigo | 2005 Auditorio de Vilagarcía de Arousa. Galería Eme-c*, Santiago | 2004 Galería Visol, Ourense | 2003 Galería Trisquel e Medulio, Tui, Pontevedra. Galería Eme-c*, Santiago| 2002 Galería Dua-2, Vigo, Pontevedra | 2001 Galería Trebellar, A Coruña. Fundación Celta de Vigo, Vigo, Pontevedra. Galería Lembranza-Sargadelos, O Grove, Pontevedra | 2000 Colegio de España, París. Galería José Lorenzo, Santiago | 1999 Galería Trisquel e Medulio, Tui, Pontevedra. Galería Calçada, Porto, Portugal. Galería Borrón 4, Cambados, Pontevedra. Galería Brétema, O Ferrol, A Coruña | 1998 Galería Obelisco, A Coruña. Cajasturias, itinerante Oviedo e Avilés. Fogar do Pescador de Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa | 1997 Galería Eme-c*, Santiago. Galería Granollers, Barcelona. Galería Alameda, Vigo, Pontevedra. Galería Fauna´s, Madrid. Galería Seira, Padrón | 1996 Instituto de Bacharelato de Carril, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra. Biblioteca Pública Miguel González Garcés. A Coruña. Sala Teucro, Pontevedra. Antigo Hospital da Caridade, O Ferrol, A Coruña. Biblioteca Pública de Lugo. Casa de Galicia, Madrid | 1995 Galería Alameda, Vigo. Club Financiero Atlántico, A Coruña | 1994 Fundación José Luis Cano, Algeciras, Cádiz. Caja Madrid, Pontevedra | 1993 Museo Valle Inclán, Pobra do Caramiñal, A Coruña. Galería Minotauro, Santiago. Deputación de Pontevedra | 1992 Caja España, Zamora. Galería Saira, Vigo, Pontevedra | 1991 Galería Arracada, A Coruña. Galería Musaraña, Vilagarcía de Arousa. Galería Sargadelos, Santiago | 1990 Hotel María Isabel Sheraton, México D.F. Monasterio de San Juan, Burgos. Galería II Punto, Florencia, Italia. Sala García Castañón, Pamplona| 1989 Caja Laboral, Pamplona. Sala Durán Loriga, A Coruña. Casa da Cultura, Catoira, Pontevedra | 1988 Galería Arcimboldo, Vigo (Pontevedra). Galería Arracada, A Coruña | 1987 Casa Municipal da Cultura, Vilagarcía de Arousa | 1986 Galería Arracada, A Coruña. 1984 Galería Sargadelos, Santiago. Sala del Liceo Marítimo, Vilagarcía de Arousa |1983 Sala del Liceo Marítimo, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Sala Yerwa, Vilagarcía de Arousa. Sala Fardela, Vilalva, Lugo.

PREMIOS 2003 Seleccionado para a "III Edición de Arte Galego Reganosa", Mugardos, A Coruña | 1999 1º Premio "III Premio de Pintura Eixo Atlántico", Braganca, Portugal | 1996 2º Premio I Concurso de Pintura Concello de Redondela, Pontevedra | 1994 Premio Consellería de Cultura "V Certame de Pintura Ademar", Vigo, Pontevedra | 1993 Iº Premio "Bienal de Pintura Granbazán", Pontevedra. Premio-adquisición "I Bienal Pintor Laxeiro", Lalín, Pontevedra | 1992 Bolsa de la Xunta de Galicia para estancia en EEUU | 1991 Premio-adquisición "II Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo", A Coruña | 1990 Accésit Concurso Internacional de Carteis Festas de San Fermín, Pamplona. Premio Adquisición IV Certame de Pintura de Santurxi, Vizcaya | 1989 Accésit "I Certame de Pintura Concello de Tui", Pontevedra | 1988 Accésit "IV Certame de Pintura Vila de Cedeira", A Coruña | 1987 Premio Adquisición, "Premio Vázquez Díaz", Nerva, Huelva. 2º Premio XXXVII Salón Nacional de Pintura Ciudad de Puertollano, Ciudad Real. 2º Premio "IV Certame Nacional de Pintura Concello de Cambre", A Coruña | 1986 Premio-adquisición para O Centro Galego de Arte Contemporánea de Galicia, Santiago. 1º Premio "X Mostra de Arte Xoven Galega", Vigo, Pontevedra. Accésit "III Certame de Pintura Vila de Cedeira", A Coruña. 2º Premio "VII Bienal de Pintura de Sarria", Lugo. 3º Premio "IX Certame Nacional de Pintura Federación Nacional de Casinos, Ourense. 1º Premio Gredos, Arenas de San Pedro, Ávila. 3º Premio "V Premio Jaén de Pintura", Jaén. 1º Premio "I Bienal de Pintura Ciudad de Pamplona" | 1985 1º Premio II Concurso de Pintura Concello de Vilagarcía de Arousa | 1984 2º Premio "VII Mostra de Arte Xoven Galega", Vigo, Pontevedra. 1ª Premio "I Concurso de Pintura Concello de Vilagarcía de Arousa," Pontevedra | 1983 Premiado no "II Certame de Artistas Noveis", Vigo, Pontevedra.

OBRA EN Centro Galego de Arte Contemporánea. Museo de Burgos. Museo Carlos Maside, Sada, A Coruña. Museo Meigas e Trasgos, Sarria, Lugo. Museo de Pontevedra. Fundación José Luis Cano, Algeciras, Cádiz. Colección Ademar, Vigo, Pontevedra. Colección Caixavigo. Colección Eixo Atlántico. Vigo Consellería da Presidencia. Santiago Colección Caja Madrid. Deputación de Ciudad Real. Deputación de Pontevedra. Deputación da Coruña. Concello de Vilagarcía de Arousa. Concello de Pamplona. Concello de Arenas de San Pedro, Ávila. Concello de Nerva, Huelva. Concello de Santutrxi, Bizkaia. Concello de Cambre, A Coruña. Concello de Redondela, Pontevedra. Concello do Barco, Ourense. Concello de Catoira, Pontevedra. Caja Municipal de Pamplona.

GALERÍA METRO

27 MARZO_12 MAIO_2015

galeríametro

Rúa Caldereiría 50 1º | Santiago dC
info@galeriametro.com | www.galeriametro.com